

## XEOGRAFÍA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. / El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira.

**PREGUNTA 1.** Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia / Defina 10 de los 15 términos propuestos, indicando ejemplos de España o Galicia: **(5 puntos, 0,5 puntos por definición)**

1. Maquis, 2. Fondos estruturais / Fondos estructurales; 3. Ecoturismo; 4. Macizos antigos / Macizos antiguos; 5. Avesedo / Umbría; 6. Comunidade autónoma / Comunidad autónoma; 7. Ría; 8. Denominación de orixe / Denominación de origen; 9. Enerxías renovables / Energías renovables; 10. Estiaxe / Estiaje; 11. Zócolo / Zócalo; 12. Xentrificación / Gentrificación; 13. Paisaxe / Paisaje; 14. Área suburbana; 15. Parque tecnolóxico / Parque tecnológico.

**PREGUNTA 2.** Desenvolva un dos temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:

**2.1.** Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glaciario cuaternario) / Formación y evolución geomorfológica de la Península Ibérica y de las Islas Canarias y Baleares (de la era arcaica al glaciario cuaternario). **(5 puntos)**

**2.2.** Dinámicas demográficas actuais. a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. b) Movementos migratorios (1990 á actualidade). / Dinámicas demográficas actuales. a) Desequilibrios territoriales en el movimiento natural de la población. b) Movimientos migratorios (1990 a la actualidad). **(5 puntos)**

**PREGUNTA 3.** Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico.




Figura 1

Atendiendo á figura 1, conteste: a) Cite cinco provincias bañadas polo mar Cantábrico. **(1 punto)**; b) Identifique os documentos da figura 1 e describa a información que aparece nos mesmos. **(1 punto)**; c) Tendo en conta os documentos da figura 1, expoña a situación demográfica galega na actualidade explicando as causas que xustifican o seu saldo vexetativo. **(1,5 puntos)**; d) Comente as consecuencias que terán para Galicia os actuais saldo vexetativo e o número de fillos por muller. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a la figura 1, conteste: a) Cite cinco provincias bañadas por el mar Cantábrico. **(1 punto)**; b) Identifique los documentos de la figura 1 y describa la información que aparece en los mismos. **(1 punto)**; c) Teniendo en cuenta los documentos de la figura 1, exponga la situación demográfica gallega en la actualidad explicando las causas que justifican su saldo vegetativo. **(1,5 puntos)**; d) Comente las consecuencias que tendrán para Galicia los actuales saldo vegetativo y el número de hijos por mujer. **(1,5 puntos)**.

**PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico.**

Atendiendo ás figuras 2 e 3, conteste: a) Nomee as unidades do relevo sinaladas na figura 2. **(1 punto)**; b) Identifique o tipo de modelado da figura 3 e a rocha predominante. **(1 punto)**; c) Complete os elementos enumerados do 1 ao 4 na figura 3 con algún dos seguintes termos: Domo.- Colada de lava.- Lapiaz.- Depósito piroclástico.- Pedra cabaleira.- Dolina.- Cráter principal.- Cañón.- Tor.- Cono adventicio.- Sima.- Caos de bolas. **(1 punto)**; d) Describa o proceso de formación deste tipo de modelado. **(1 punto)**; e) Explique a orixe desta área litolóxica na Península Ibérica. **(1 punto)**.

Atendiendo a las figuras 2 y 3, conteste: a) Nombre las unidades del relieve señaladas en la figura 2. **(1 punto)**; b) Identifique el tipo de modelado de la figura 3 y la roca predominante. **(1 punto)**; c) Complete los elementos enumerados del 1 al 4 en la figura 3 con alguno de los siguientes términos: Domo.- Colada de lava.- Lapiaz.- Depósito piroclástico.- Piedra caballera.- Dolina.- Cráter principal.- Cañón.- Tor.- Cono adventicio.- Sima.- Caos de bolas. **(1 punto)**; d) Describa el proceso de formación de este tipo de modelado. **(1 punto)**; e) Explique el origen de esta área litológica en la Península Ibérica. **(1 punto)**.




Figura 2. Fonte: elaboración propia sobre figura de www.cerebriti.com




Figura 3



**Filosofía: aprende a estructurar tus respuestas.**

selectividad.academy - 623 769 002

ABAU 2022  
CONVOCATORIA ORDINARIA  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
**XEOGRAFÍA**  
**(Cód. 35)**

**PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia. (5 puntos, 0,5 puntos por definición)**

**1. Maquis ou maquia:** É un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que adoita refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

**2. Fondos estruturais:** Son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinado ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego, son os principais.

**3. Ecoturismo:** É unha nova tendencia do Turismo alternativo, diferente ao Turismo tradicional. Neste enfoque privilégiasse a sustentabilidade, a preservación, a apreciación do medio natural e cultural; nesta alternativa turística preténdese manter o benestar das poboacións locais, minimizando os impactos negativos para o ambiente e a comunidade local.

**4. Macizos antigos:** Montañas formadas na era terciaria polo novo levantamento dun bloque como consecuencia do movemento oroxénico alpino; son materiais paleozoicos. Estes macizos presentan cumes suaves e arredondados.

**5. Avesedo (umbría):** É unha zona que, pola súa orientación, está sempre en sombra. Nas montañas é a vertente do val exposta á sombra e oposta á solaina. As súas temperaturas máis baixas adoitan traducirse en diferenzas de vexetación, sendo os bosques máis amplos. En España é a orientada ao norte.

**6. Comunidade autónoma:** Entidade territorial que está dotada de goberno autónomo, con capacidades executivas, legislativas e xudiciais establecidas nun Estatuto de Autonomía. A estrutura de España na Constitución de 1978 fixa a existencia de 17 CCAA, ás que se engadiron máis tarde 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

**7. Ría:** Val fluvial somerxido baixo o nivel do mar a causa da elevación deste. A orixe xeomorfolóxica está relacionada cun asolagamento do val fluvial, relacionado con movementos isostáticos e un afundimento tectónico asociado á rede de fracturas preexistentes. As Rías Altas e Baixas galegas son bo exemplo disto.

**8. Denominación de orixe:** Certificación de calidade que se outorga a produtos dun determinado territorio do que toman o seu nome, que asegura certas características

comúns que todos deben cumprir. Resulta cada vez máis frecuente en produtos agrarios (viños, aceites, carnes, legumes, queixos, doces, etc.). Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren os parámetros esixidos.

**9. Enerxías renovables:** Son aquelas que se obteñen de fontes naturais virtualmente inesgotables, ben sexa pola inmensa cantidade de enerxía que conteñen, ben porque son capaces de rexenerarse por medios naturais. Entre as enerxías renovables cóntanse a hidroeléctrica, eólica, solar, xeotérmica, maremotriz, a biomasa e os biocombustibles.

**10. Estiaxe:** Período durante o cal os ríos ou outras correntes de auga alcanzan o seu caudal máis baixo. A este nivel dásele o nivel 0 e, a partir del, mídese a altura das augas. En España, as estiaxes son especialmente acusadas nos ríos mediterráneos da metade meridional da Península.

**11. Zócolo:** Chaira ou meseta formada na era primaria ou paleozoica como resultado do aplanamento pola erosión de cordilleiras xurdidas nesta era. Os materiais paleozoicos son rochas silíceas: granito, lousa, cuarcita e xistos. Son ríxidas e ante novos empuxes oroxénicos fractúranse ou rompen.

**12. Xentrificación:** Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".

**13. Paisaxe:** A paisaxe xeográfica é o aspecto visual que ofrece un territorio. Depende dos elementos naturais que o integran e das actividades humanas que se desenvolven nel. De acordo con iso, as paisaxes xeográficas clasifícanse habitualmente en naturais e humanizadas, aínda que a maioría son mixtas.

**14. Área Suburbana:** Territorio próximo ás cidades que polas súas características constitúe unha zona de transición entre o núcleo urbano propiamente e o espazo rural adxacente.

**15. Parque tecnolóxico :** Instalación industrial que persigue a promoción da cultura e a innovación, así como a competitividade das súas empresas estimulando e xestionando a transferencia tecnolóxica e de coñecementos entre universidades, empresas e mercados, xunto con outras institución de I+D. Facilitan a creación e crecemento de compañías innovadoras e ofrecen servizos de valor engadido, ademais de espazos e instalacións de alta calidade.

## **PREGUNTA 2. Desenvolva un dos dous temas seguintes**

### **2.1. Formación e evolución xeomorfolóxica da Península Ibérica e das Illas Canarias e Baleares (da era arcaica ao glacialismo cuaternario). (5 puntos)**

O relevo actual da Península é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

**1) Durante a era arcaica ou Precámbrico** (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia. Tamén xurdiron elevacións nalgúns puntos illados do Sistema Central e dos Montes de Toledo. Este macizo precámbrico foi arrasado posteriormente pola erosión e cuberto case na súa totalidade polos mares paleozoicos.

**2) Na era primaria ou Paleozoico** (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana (ou varisca). Dos mares que cubrían a maior parte da Península xurdiron as cordilleiras hercinianas, formadas por materiais como o granito, lousa e cuarcita. Ao oeste elevouse o Macizo Hespérico, arrasado pola erosión durante a mesma era primaria e convertido en zócalo ou meseta inclinada cara ó Mediterráneo. Ó norleste apareceron os macizos de Aquitania, Catalano-Balear e do Ebro, e ó sueste, o Macizo Bético-Rifeño. Todos eles foron tamén arrasados pola erosión e durante a era primaria convertidos en zócolos.

**3) A era secundaria ou Mesozoico** (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación. Continuou o aplanamento das cordilleiras hercinianas (ou variscas). A inclinación do zócalo da Meseta cara ó Mediterráneo permitiu, nos períodos de transgresión mariña, unha fonda penetración do mar, que depositou no seu bordo oriental unha cobertura non moi potente de materiais sedimentarios plásticos (calcaria, arenito, marga). Tamén se depositaron enormes espesuras de sedimentos en fosas mariñas situadas nas actuais zonas pirenaica e bética.

**4) Durante a era terciaria** (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta:

- Levantáronse as cordilleiras alpinas, ó pregarse os materiais depositados nas fosas pirenaica e bética entre os macizos antigos, que actuaron como topes. Xurdiron os Pireneos entre os macizos de Aquitania, Hespérico e do Ebro (que acabou afundíndose), e as cordilleiras Béticas, entre os macizos Bético-Rifeño e o Hespérico.

- Formáronse as depresións prealpinas paralelamente ás novas cordilleiras, e entre estas e o macizo antigo: a depresión do Ebro, paralela ós Pireneos, e a do Guadalquivir, paralela ás Béticas.

- A Meseta viuse afectada pola oroxénese alpina. En primeiro lugar pasou a inclinarse cara ó Atlántico, determinando a orientación cara a este océano de boa parte dos ríos peninsulares. En segundo lugar formáronse os bordos montañosos da Meseta. No seu bordo oriental pregáronse os materiais plásticos depositados polo mar na era secundaria, orixinando a parte oriental da cordilleira Cantábrica e o Sistema Ibérico. No bordo sur da Meseta, o empuxe das cordilleiras Béticas levantou Serra Morena. Por último, o zócalo da Meseta, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas. Os bloques levantados formaron o Macizo Galaico e as serras interiores da Meseta (Sistema Central e Montes de Toledo). Nesta era tamén orixinouse o conxunto de natureza volcánica das Illas Canarias.

5) **Durante a era cuaternaria** (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glaciario e a formación de terrazas fluviais.

- **O glaciario** afectou ás cordilleiras máis altas (Pireneos, cordilleira Cantábrica, Sistema Central, Sistema Ibérico e Serra Nevada), dando lugar a glaciares de circo e de val. Os glaciares de circo nas cabeceira dos vales e os glaciares de val no val dándolle a forma de “U”.

- **A época glaciario caracterizouse pola formación de terrazas fluviais**, antigos chans de inundación abandonados polo posterior encaixamento fluvial. As terrazas son froito das alternancias climáticas do Cuaternario. Os sucesivos ciclos glaciais e posglaciais do Cuaternario deron lugar a terrazas graduadas. Na Península, as máis características son as formadas polo Douro, o Texo, o Guadiana, o Guadalquivir e o Ebro.

**2.2. Desenvolva o tema guiado polos seguintes apartados (puntuación máxima 4 puntos): Tema “Dinámicas demográficas actuais: a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación. b) Movementos migratorios (1990 á actualidade)”.** (5 puntos)

España conta na actualidade con cerca de 47 millóns de habitantes, que se reparten polo territorio de forma desigual. O interior atópase debilmente poboado, mentres que as áreas costeiras presentan unhas elevadas densidades de poboación. Ao mesmo tempo obsérvanse fortes contrastes entre as cidades e o medio rural: cada vez máis poboación habita nas cidades e, porén, no medio rural existen espazos practicamente deshabitados.

Os cambios recentes da poboación española están moi influídos polas migracións internacionais. España foi tradicionalmente un país de emigración; no pasado, numerosos españois emigraron a distintos países do mundo, sobre todo de América Latina e do resto de Europa. Nas últimas décadas as tendencias cambiaron, descendendo o número de españois que emigran e aumentando o número de estranxeiros que veñen ao noso país. Aínda que este saldo positivo foi freado e invertido pola recente crise económica.

**a) Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación**

A evolución conxunta da natalidade e mortalidade determina o crecemento natural ou vexetativo, é dicir, a evolución que tería a súa poboación se non existisen as migracións exteriores. Este crecemento é desigual no espazo (segundo municipios, provincias e comunidades autónomas), e variou intensamente no tempo como consecuencia do desigual descenso das curvas de natalidade e mortalidade. En conxunto, España está hoxe en pleno réxime demográfico moderno, con taxas de natalidade baixas e de mortalidade estabilizadas -aínda que con tendencia a medrar por mor do envellecemento demográfico. As taxas de fecundidade son baixas, e non aseguran a taxa de reposición xeracional, de 2,1 fillos por muller.

A taxa de crecemento natural para o conxunto de España, actualmente é moi baixa, pois durante os últimos anos se situou por debaixo do 2‰, o que implica que a poboación se mantería estable se non se producisen migracións exteriores. Pero este dato encerra diferenzas espaciais, pois hai áreas con crecementos elevados, mentres que outras teñen valores negativos.

- Os pequenos municipios rurais, sobre todo na metade norte, teñen unha poboación moi envellecida por efecto da emigración, e presentan un crecemento natural negativo, xa que a mortalidade é elevada e a natalidade moi baixa.
- Os municipios rurais de maior tamaño, situados predominantemente na metade sur presentan unha dinámica natural lixeiramente positiva, xa que foron capaces de reter unha maior cantidade de poboación nova.
- Os municipios urbanos e turísticos teñen dinámicas positivas, xa que contan cunha poboación máis nova, debido aos recentes procesos de inmigración.
- Os crecementos máis altos danse nos municipios que rodean as grandes cidades onde se asenta poboación moi nova, polo que o número de nacementos é alto en relación coa poboación total.

Por isto, as comunidades autónomas con maiores taxas de crecemento natural son: Murcia, Madrid, Andalucía, Cataluña, as dúas comunidades insulares, a Comunidade Valenciana, Navarra e as cidades de Ceuta e Melilla. En xeral, presentan unha estrutura demográfica relativamente máis nova, causada por un comportamento tradicional máis natalista (Andalucía, Murcia e as cidades de Ceuta e Melilla), por ser foco de inmigración interna en épocas pasadas (Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana, Baleares) ou por recibir unha forte inmigración estranxeira desde a década de 1990 (todas elas).

Pola contra, as comunidades autónomas con crecemento natural negativo son aquelas que teñen unha poboación máis envellecida, sobre todo Asturias, Galicia e Castela e León. Estas comunidades presentan unha estrutura demográfica fortemente envellecida, por sufrir unha intensa emigración en épocas pasadas (Galicia e as comunidades do interior peninsular); pola prolongada incidencia da crise industrial de 1975 (rexións de antiga tradición industrial da cornixa cantábrica), e por contar na actualidade con menor inmigración.

#### **b) Movements migratorios (1990 á actualidade)**

A dinámica da poboación non depende só da relación entre nacementos e defuncións (crecemento natural), senón tamén da mobilidade da poboación ou saldo migratorio. As causas das migracións son diversas e as súas consecuencias, complexas.

Os movementos migratorios españois adoitan clasificarse en migracións transoceánicas históricas, ata mediados do século XX, cuxo principal punto de destino foron diversos países de América Latina, e migracións modernas, desde finais da década de 1950, que



**Calcula tu nota en [selectividad.academy/calculadora-selectividad](https://selectividad.academy/calculadora-selectividad)**  
Herramienta gratuita

presentaron unha dobre vertente: as migracións interiores campo-cidade e as migracións exteriores, cara aos países industriais de Europa Central e Occidental.

Dentro das migracións interiores debemos apuntar como se deu un cambio importante, pois pasouse dun dominio das migracións interprovinciais cara os espazos cun maior desenvolvemento dentro do Estado, ás actuais, nas que priman os movementos intraprovinciais vencellados á desconcentración residencial dende as áreas metropolitanas cara as súas periferias.

Tras a entrada de España na Unión e a superación da crise económica da primeira metade dos anos oitenta do século XX, o país comezou a converterse en destino dos fluxos migratorios internacionais. En 1985, España só contaba cuns 250.000 residentes estranxeiros, o que supoñía un 0,6% da poboación total. Na actualidade, esta cifra supera xa os 5,2 millóns, representando o 11,3% da súa poboación. O desenvolvemento económico desta época transformou España dun país tradicionalmente emigrante nun país receptor de inmigración. Esta inmigración pódese agrupar en catro grandes conxuntos:

- Persoas xubiladas procedentes de Europa Central e do Norte. Son xente que se asenta definitivamente en España, sobre todo na costa mediterránea, atraída por un clima suave e un medio agradable rodeado de bos servizos. Este tipo de poboación, que aumentou de forma notable a comezos do século XXI, non atopa ningunha dificultade para a súa instalación no noso país.

- Directivos de empresas multinacionais, traballadores de alto nivel profesional, xentes do mundo artístico e da cultura. Este grupo de poboación está formado por persoas que proceden na súa maioría da Unión Europea. Veñen a España por cuestións laborais ou porque atopan mellor calidade de vida. Neste colectivo inclúense altos cargos directivos, técnicos, deportistas, estudantes, etc.

- Refuxiados políticos. Son persoas que por motivos políticos tiveron que fuxir do seu país. Tamén se inclúe neste grupo os que abandonaron o seu lugar de orixe por conflitos armados, violencia xeneralizada ou por razóns de seguridade persoal.

- Inmigrantes procedentes de países pobres. Este é o grupo máis numeroso da inmigración que chega a España na actualidade. Está formado principalmente por homes, mulleres e nenos procedentes de diversos países de África, América Latina, Leste de Europa e Asia, que veñen na procura de traballo e dunhas condicións de vida máis dignas.

A Unión Europea e España levan a cabo un proceso de regulación para controlar a entrada destes inmigrantes, que atopan moitas dificultades e limitacións para obter o permiso de inmigración e de traballo. Estas persoas poden entrar non país como turistas ou a través das mafias ou redes clandestinas de transporte de inmigrantes. Viaxan en pateras ou caiucos, ou agochados en camións co risco que iso implica para as súas vidas.

● Cada examen practicado te acerca a tu objetivo

Prueba gratis

Aínda que, como vemos, os inmigrantes proveñen de moi distintos países, certas nacionalidades están máis representadas en función da proximidade xeográfica e dos lazos históricos e culturais. Así, a maior parte dos inmigrantes procede agora de América Latina, norte de África e Europa. Entre os primeiros destacan os ecuatorianos, colombianos, bolivianos e peruanos; entre os segundos predominan os marroquí; e entre os terceiros, os máis numerosos son agora os romaneses, seguidos de británicos, búlgaros, alemáns e italianos. Tamén existe un importante colectivo de chineses

Sen embargo, dende o 2010 a inmigración freouse como consecuencia da crise económica. A falta de emprego provocou que viñesen menos estranxeiros e que moitos inmigrantes regresasen aos seus países de orixe (retornos). Polo mesmo motivo, aumentou a emigración de españois (sobre todo, de persoas novas cualificadas) a outros países en busca de traballo. Como resultado, o saldo migratorio en España foi negativo en 2013 (-256.849 persoas) e responsable da perda de poboación no noso país. Malia a isto, parece intuírse un novo cambio de tendencia, pois os últimos datos dispoñibles (2017) marcan de novo un saldo migratorio positivo de algo máis de 50.000 persoas, aínda que entre os españois a emigración segue a dominar sobre os retornos (-13.000 persoas no primeiro semestre de 2017).

### **PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico:**

Atendendo ás figura 1, conteste:

#### **a) Cite cinco provincias bañadas polo mar Cantábrico. (1 punto)**

A Coruña, Lugo, Asturias, Cantabria, Biscaia e Guipúzcoa.

#### **b) Identifique os documentos da figura 1 e describa a información que aparece nos mesmos. (1 punto)**

Na figura 1 aparecen dous documentos. O primeiro é unha gráfica lineal que amosa a evolución do saldo vexetativo (nacementos - defuncións) en Galicia nun período de 30 anos (entre 1988 e 2018). Os datos cuantitativos de cada ano son sempre negativos o que manifesta unha poboación avellentada e na que a taxa de reemprazo está en perigo ao rexistrarse máis defuncións que nacementos.

O segundo é un mapa corocromático de España (península e arquipélagos) cunha división administrativa de Comunidades Autónomas e Cidades Autónomas que recolle o número de fillos por muller en 2018 utilizando catro tramos diferenciados cunha gama cromática (máis clara para as Comunidades cos datos máis baixos e máis escura para as Comunidades cos datos máis elevados). No interior de cada Comunidade aparece o dato individual (nº de fillos por muller). O mapa permite observar claramente o diferente comportamento deste indicador en función da área xeográfica, por exemplo a relación dos datos máis baixos coa área do noroeste peninsular.

A fonte da gráfica é o Instituto Nacional de Estatística (INE) e o Faro de Vigo e a fonte do mapa é o Instituto Nacional de Estatística (INE).

**c) Tendo en conta os documentos da figura, expoña a situación demográfica galega na actualidade explicando as causas que xustifican o seu saldo vexetativo. (1,5 puntos)**

Os documentos reflexan que a situación de Galicia dende o punto de vista demográfico é moi negativa. Por un lado, amosa o peor saldo vexetativo da serie en 2018 cunha perda de poboación de 15.819 persoas (sen ter en conta o saldo migratorio). Ademais é algo que se repite desde 1988, indo en aumento o dato negativo especialmente en dous períodos (de 1988 a 1996 e de 2008 a 2016). Soamente se freou o incremento no período de 1996 a 2008, aínda así seguiu a perder poboación cada ano.

Ademais a taxa de fertilidade actual da comunidade galega é moi baixa (1,07) sendo o terceiro peor dato de España (só por detrás de Asturias e das Illas Canarias) e moi lonxe do 2,1 necesario para asegurar o substitución xeracional.

As causas destes datos tan negativos dende o punto de vista demográfico son varias. Por un lado está o envellecemento da poboación galega que pode relacionarse cunha diminución da natalidade e un repunte da mortalidade nos últimos anos (o que fai que ese saldo vexetativo sexa negativo).

As conxunturas económicas tamén inciden na evolución da natalidade e da taxa de fecundidade. A crise económica dos 70 e a máis recente de 2008 agudizaron o descenso de nacementos que observamos na gráfica. Só no momento de bonanza económico (1996-2008) o descenso pareceu frearse, aínda que non é suficiente para reverter a situación e deixar de perder poboación. A iso hai que engadir a finalización dos saldos migratorios positivos que axudaron a elevar o número de nacementos a finais da década dos 90.

Galicia caracterizouse polas grandes ondas migratorias tanto interiores como exteriores, que deixaron unha forte pegada na estrutura por idades da poboación galega. O envellecemento progresivo e continuo ao longo do século XX, condicionou a tendencia ao descenso demográfico apreciado nos documentos.

O cambio de mentalidade (especialmente nos anos 70), o retraso da idade ao matrimonio, a incorporación da muller ao mundo laboral e a difícil conciliación laboral ou a falta de políticas eficaces son algunhas das causas que tamén xustifican os valores negativos de natalidade e fecundidade que ten Galicia.

As condicións económicas de Galicia vencelladas ao sector primario mudan nun desenvolvemento doutros sectores económicos que non son capaces, de momento, de cambiar as tendencias demográficas negativas, pero que poden explicar a situación de forte tendencia negativa do crecemento vexetativo.

Ademais, o tradicional descenso da mortalidade ao longo do século XX estancouse no último cuarto de século debido ao envellecemento da poboación (baixas taxas de natalidade e aumento da esperanza de vida) chegando nos últimos anos a unha involución da tendencia cun certo incremento da taxa de mortalidade.

**d) Comente as consecuencias que terán para Galicia os actuais saldo vexetativo e o número de fillos por muller (1,5 puntos)**

As consecuencias dos datos que amosan os documentos son moi negativos para Galicia. Por un lado porque está a perder poboación e a incrementar o seu proceso de envellecemento. A poboación maior de 65 anos terá cada vez un peso maior na porcentaxe total de poboación, especialmente coa chegada nos próximos anos da xeración do “baby-boom” a idade de xubilación.

A porcentaxe de poboación activa será insuficiente para poder manter este desequilibrio o cal ameazará a sostenibilidade das pensións e demais coberturas sociais. A sociedade será cada vez menos dinámica e innovadora e terá máis dificultades para aumentar o consumo e o crecemento.

E nesta coxuntura a atracción de poboación inmigrante descende e, pola contra, aumentará o número de xoves que terán que saír da comunidade a outras áreas máis dinámicas e con maior crecemento económico o que agudizará o problema e o envellecemento da poboación e os gastos en servizos básicos.

Algunhas áreas fortemente envellecidas (fundamentalmente rurais) acrecentarán o problema da despoboación.

Estes valores demográficos obrigan a tomar decisións políticas e administrativas baseadas nas novas circunstancias da poboación de idades avanzadas, novos servizos como xeriátricos, centros de día, novas especialidades médicas que palíen os problemas de saúde deste numeroso grupo, vivendas adaptadas, vacacións...

Tamén é obrigado poñer ao servizo destes grupos, un acompañamento para evitar a soidade dos anciáns, facilitar recursos aos cuidadores e familias, poñer en valor os coñecementos, tradicións e experiencia que estes grupos aportan.

Outras consecuencias refírense á distribución espacial da poboación, é probable que os concellos máis envellecidos acaben despoboados pola falta desta substitución xeracional, e as desigualdades entre o interior e o litoral galego sexan maiores co tempo.

**PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico.**

Atendendo ás figuras 2 e 3:

**a) Nomee as unidades do relevo sinaladas na figura 2. (1 punto)**

- A. Cordilleira Cantábrica
- B. Depresión do Guadalquivir
- C. Cordilleira Costeiro Catalá
- D. Montes de Toledo.
- E. Serra de Tramuntana

**b) Identifique o tipo de modelado da figura 3 e a rocha predominante. (1 punto)**

A figura 3 presenta un esquema de modelado granítico. A rocha dominante é o granito

**c) Complete os elementos enumerados do 1 ao 4 na figura 3 con algún dos seguintes termos: *Domo.- Colada de lava.- Lapiaz.- Depósito piroclástico.- Pedra cabaleira.- Dolina.- Cráter principal.- Canón.- Tor.- Cono adventicio.- Sima.- Caos de bolas.* (1 punto)**

- 1: Domo.
- 2: Pedra cabaleira.
- 3: Tor.
- 4: Caos de bolas.

**d) Describa o proceso de formación deste tipo de modelado. (1 punto)**

Resulta da alteración pola acción da auga, xeo e desxeo que actúa a través das diaclasas, a auga fíltrase a través destas fracturas que se van ensanchando ata chegar a provocar o desprendemento de bloques individualizados (proceso de XELIFRACCIÓN)

**e) Explique a orixe desta área litolóxica na Península Ibérica. (1 punto).**

Presenta un exemplo de paisaxe granítico, característico da España silíceo. Esta área, circunscrita sobre todo ao zócolo Hespérico, está formada por rochas cristalinas e ríxidas da era precámbrica e primaria, nas que predomina o granito.



**¿Algo no te sale? Aquí estamos para ayudarte**

623 769 002

## XEOGRAFÍA

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos, das que poderá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como queira. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas**. / El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos, de las que podrá responder un **MÁXIMO DE 2**, combinadas como quiera. Si responde más preguntas de las permitidas, **solo serán corregidas las 2 primeras respondidas**.

**PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia / Defina 10 de los 15 términos propuestos, indicando ejemplos de España o Galicia: (5 puntos, 0,5 puntos por definición)**

1. Agricultura ecolóxica (*agricultura ecológica*), 2. Aridez, 3. Cordilleira de pregamento (*cordillera de plegamiento*), 4. Crecemento vexetativo (*crecimiento vegetativo*), 5. Denominación de orixe (*denominación de origen*), 6. Estiaxe (*Estiaje*), 7. Fondos estruturais (*fondos estructurales*), 8. Maquis, 9. Inversión térmica, 10. Comunidade Autónoma (*Comunidad Autónoma*), 11. Tectónica de placas, 12. Avesedo (*Umbría*), 13. Vexetación clímax (*vegetación clímax*), 14. Xentrificación (*gentrificación*), 15. Silvicultura.

**PREGUNTA 2 Desenvolva un dos dous temas seguintes / Desarrolle uno de los dos temas siguientes:**

**2.1. Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España. a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) e en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes) / Factores geográficos y termodinámicos que influyen en el clima de España". a) Factores geográficos: latitud, situación, influencia del mar, relieve. b) Factores termodinámicos: en altura (*Jet Stream*) y en superficie (centros de acción, masas de aire, frentes). (5 puntos)**

**2.2. Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española, guiado polos seguintes apartados: a) As explotacións agrarias. b) Técnicas e sistemas agrarios. c) Política Agrícola Común / Transformaciones recientes en la estructura agropecuaria española, a partir de los siguientes apartados: a) Las explotaciones agrarias. b) Técnicas y sistemas agrarios. c) Política Agrícola Común. (5 puntos)**

**PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:**

Atendendo ás figuras 1 e 2: a) Enumere as catro provincias coa porcentaxe de produto interior bruto industrial superior ao 25 %. **(1 punto)**; b) Identifique os tipos de documento representados nas figuras 1 e 2 e describa os elementos que compoñen a figura 1. **(1 punto)**; c) Explique os factores de localización de dúas industrias do polígono de Sabón **(1,5 puntos)**; d) Exponha razoadamente os problemas deste espazo. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a las figuras 1 y 2: a) Enumere las cuatro provincias con el porcentaje de producto interior bruto industrial superior al 25 %. **(1 punto)**; b) Identifique los tipos de documento representados en las figuras 1 y 2 y describa los elementos que componen la figura 1. **(1 punto)**; c) Explique los factores de localización de dos industrias del polígono de Sabón **(1,5 puntos)**; d) Exponga razonadamente los problemas de este espacio



Figura 1.-Polígono Industrial de Sabón.  
Elaboración propia




Figura 2.- Distribución do produto bruto industrial por provincias

**PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico / Análisis de documento gráfico:**

Atendendo á figura 3: a) Relacione os seguintes ríos co número da súa administración hidráulica segundo o mapa da figura 3: Bidasoa, Guadiana, Tiétar, Llobregat, Nalón, Esla, Segura, Segre, Turia, Ulla. **(1 punto)**; b) Analice o tipo de documento da figura 4 e explique como se obtén o valor “k” e o valor “Mr”. **(1 punto)**; c) Identifique e xustifique o tipo de réxime fluvial representado na figura 4, así como as principais características dos ríos da súa vertente hidrográfica. **(1,5 puntos)**; d) Cite e explique brevemente os principais factores físicos e humanos que teñen influencia na distribución de augas e nos recursos hídricos do territorio español. **(1,5 puntos)**.

Atendiendo a la figura 3: a) Relacione los siguientes ríos con el número de su administración hidráulica según el mapa de la figura 3: Bidasoa, Guadiana, Tiétar, Llobregat, Nalón, Esla, Segura, Segre, Turia, Ulla. **(1 punto)**; b) Analice el tipo de documento de la figura 4 y explique cómo se obtiene el valor “k” y el valor “Mr”. **(1 punto)**; c) Identifique y justifique el tipo de régimen fluvial representado en la figura 4, así como las principales características de los ríos de su vertiente hidrográfica. **(1,5 puntos)**; d) Cite y explique brevemente los principales factores físicos y humanos que tienen influencia en la distribución de aguas y en los recursos hídricos del territorio español. **(1,5 puntos)**.



Figura 3. Fonte: España a través de los mapas (IGN)

**RÍO EBRO, EN ZARAGOZA.**




Figura 4.-Fonte: España a través de los mapas (IGN)

ABAU 2022  
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA  
CRITERIOS DE AVALIACIÓN  
**XEOGRAFÍA**  
**(Cód. 35)**

**PREGUNTA 1. Defina 10 dos 15 termos propostos, indicando exemplos de España ou Galicia. (5 puntos, 0,5 puntos por definición)**

**1. Agricultura ecolóxica:** sistema para cultivar unha explotación agrícola, baseada na utilización óptima dos recursos naturais e sen empregar produtos químicos de síntese ou organismos xeneticamente modificados (OXM's) – nin de abono nin para combater as pragas-, logrando deste xeito obter alimentos ecolóxicos á vez que se conserva a fertilidade da terra e se respecta o medio ambiente.

**2. Aridez:** termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

**3. Cordilleiras de pregamento:** son grandes elevacións montañosas que xurdiron na oroxénese da era terciaria polo pregamento de materiais sedimentarios calcarios, depositados polo mar na era secundaria.

**4. Crecemento vexetativo:** é a diferenza entre o número de nacementos e o número de defuncións dunha poboación nun determinado período de tempo. Calcúlase restando á taxa de natalidade a taxa de mortalidade. A taxa de crecemento vexetativo considérase alta se supera o 4%, moderada se se atopa entre o 1% e o 2%, e baixa se é inferior ao 1%.

**5. Denominación de orixe:** Certificación de calidade que se outorga a produtos dun determinado territorio do que toman o seu nome, que asegura certas características comúns que todos deben cumprir. Resulta cada vez máis frecuente en produtos agrarios (viños, aceites, carnes, legumes, queixos, doces, etc.). Un consello regulador autoriza a exhibir o distintivo aos produtores da zona que cumpren os parámetros esixidos.

**6. Estiaxe:** período durante o cal os ríos ou outras correntes de auga alcanzan o seu caudal máis baixo. A este nivel dáselle o nivel 0 e, a partir del, mídese a altura das augas. En España, os estiaxes son especialmente acusados nos ríos mediterráneos da metade meridional da Península.

**7. Fondos estruturais:** Son instrumentos da Unión Europea que teñen por obxecto reducir as diverxencias de desenvolvemento entre as rexións, e busca reforzar a cohesión económica e social. O Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) –destinado ás rexións menos favorecidas- e o Fondo Social Europeo (FSE) –destinado á formación, para fomentar as oportunidades de emprego, son os principais.

**8. Maquis ou maquia:** É un ecosistema de matogueira mediterránea, formación de especies perennifolias, principalmente arbustivas, que adoita refuxiarse sobre solos silíceos. Os madroños, as xaras, os brezos, lentiscos, romeus e outras especies son características desta formación, de maior porte xeralmente que as garrigas.

**9. Inversión térmica:** incremento da temperatura do aire ao aumentar a altura, cando debora de diminuír segundo o gradiente adiabático normal. O aire máis cálido atópase sobre o máis frío. A nivel do solo, é resultado da irradiación nocturna con aire en calma e ceo despexado nunha situación anticiclónica invernal ou nun val.

**10. Comunidade autónoma:** Entidade territorial que está dotada de goberno autónomo, con capacidades executivas, lexislativas e xudiciais establecidas nun Estatuto de Autonomía. A estrutura de España na Constitución de 1978 fixa a existencia de 17 CCAA, ás que se engadiron máis tarde 2 cidades autónomas (Ceuta e Melilla).

**11. Tectónica de placas:** Teoría que explicou a deriva continental e outros fenómenos. A superficie exterior da Terra consiste en aproximadamente dez bloques ou placas ríxidas. Estas transportan os continentes e os solos oceánicos, están en constante movemento e son a causa de moita actividade xeolóxica (formación de montañas, volcáns e terremotos). As placas sofren tres tipos básicos de movementos: sepáranse, converxen e deslízanse.

**12. Avesedo:** É unha zona que, pola súa orientación, está sempre en sombra. Nas montañas é a vertente do val exposta á sombra e oposta á solaina. As súas temperaturas máis baixas adoitan traducirse en diferenzas de vexetación, sendo os bosques máis amplos. En España é a orientada ao norte.

**13. Vexetación clímax:** vexetación que se estableceu por si mesma nun determinado lugar, en determinadas condicións climáticas, en ausencia de accións antrópicas por un longo tempo, é dicir, é o estado de equilibrio ou cuasi equilibrio asintótico dun ecosistema local.

**14. Xentrificación:** Proceso de transformación urbana no que a poboación orixinal dun sector ou barrio deteriorado e con pauperismo é progresivamente desprazada por outra dun maior nivel adquisitivo á vez que se renova. O termo é un neoloxismo que procede do inglés "gentrification".

**15. Silvicultura:** Actividade que trata do cultivo de montes e bosques. A práctica máis habitual da silvicultura é o aproveitamento forestal de espazos destinados á produción de madeira, leña ou resinas, pero que tamén poden ter un efecto positivo na protección de cuncas hidrográficas, a conservación de hábitats naturais –susceptibles de integrarse en parques naturais protexidos- e o desenvolvemento de espazos recreativos.

## **PREGUNTA 2. Desenvolva un dos dous temas seguintes**

**2.1. Factores xeográficos e termodinámicos que inflúen no clima de España". a) Factores xeográficos: latitude, situación, influencia do mar, relevo. b) Factores termodinámicos: en altura (Jet Stream) e en superficie (centros de acción, masas de aire, fronteiras). (5 puntos)**

## A) Factores xeográficos:

- A latitude de España, situada na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.

- A situación da Península, entre dúas masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.

- A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberta ó mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa parte, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.

- O relevo inflúe no clima a causa da disposición, da altura e da orientación. Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir. A posición (oeste-leste) da maioría dos relevos montañosos favorece a entrada de masas de aire marítimo do oeste. O carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.

As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.

- A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente 6º por cada 1000 metros de ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, precipitacións “ocultas” (xeadas e orballo) e precipitacións “horizontais” (producidas polas nubes).

- A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e aveseados. E diferenzas pluviométricas entre as abas de barlovento e sotavento.

## B) Factores termodinámicos:

- A circulación en altura: a corrente en chorro. Circula en dirección oeste-leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita. A súa velocidade e os seus desprazamentos estacionais inflúen no tempo en superficie.

A velocidade da corrente é variable. Cando circula rápido, presenta suaves ondulacións e ten un trazado case zonal, con suaves ondulacións, que corresponden en superficie coa fronte polar e as súas borrascas. Pero cando a súa velocidade diminúe, describe profundas ondulacións: cristas ou dorsais que orixinan altas presións e vales ou valgadas que orixinan baixas presións. Ambas reflíctense en superficie e dan lugar a anticiclóns e borrascas dinámicos. As ondulacións, que poden chegar a desprenderse do chorro principal, permítenlle ó aire polar penetrar moi ó sur, e ó aire tropical desprazarse cara ó norte, o que lle dá gran variabilidade ó tempo da zona temperada.

Os desprazamentos estacionais do chorro en latitude determinan que afecte a España principalmente en inverno, mentres que en verán se traslada cara a latitudes máis setentrionais e, polo xeral, só incide na franxa cantábrica peninsular.

- A circulación en superficie: centros de acción, masas de aire e fronte. A circulación atmosférica está dirixida polos centros de acción, polas masas de aire e polas fronte:

- Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. A presión atmosférica é o peso do aire sobre unha unidade de superficie. Mídese en milibares (mb) mediante o barómetro e represéntase nos mapas do tempo mediante as isóbaras ou liñas que unen puntos con igual presión. Nestes mapas, as isóbaras van de 4 en 4 mb. A presión normal é de 1013,5 mb, aínda que nos mapas do tempo adoite considerarse un valor de 1016 mb. Unha alta presión ou anticiclón é unha zona de altas presións rodeada por outras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis baixa. Os ventos circulan ó seu arredor no sentido das agullas do reloxo. Produce tempo estable. Unha baixa presión, depresión, borrasca ou ciclón é unha zona de baixas presións rodeada doutras de presión máis alta. Os ventos circulan ó seu redor en sentido contrario ó das agullas do reloxo. Produce tempo inestable, frecuentemente chuvioso.

Pola súa orixe, os centros de acción poden ser térmicos ou dinámicos: Un anticiclón térmico fórmase cando unha masa de aire arrefría: o aire frío pesa máis, descende e exerce unha alta presión. Unha baixa térmica fórmase cando o aire se quenta: o aire quente pesa menos, elévase e exerce unha baixa presión.

Os centros de acción dinámicos fórmanse en determinadas zonas nas que en altura a corrente en chorro forma cristas (áreas anticiclónicas) ou valgadas (áreas depresionarias), que se reflicten en superficie.

Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son os seguintes:

Centros de acción anticiclónicos: o anticiclón das Azores, que no verán se despraza cara ó norte e no inverno cara ó sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo; e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando posicións de aire frío continental europeo chegan ó Mediterráneo, máis cálido e húmido; e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo quentamento do chan en verán.

- As masas de aire son porcións de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquírenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas rexións mananciais. Debido á latitude de España, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais secas (c).

Estas características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. Unha masa de aire fría que descende en latitude, requéntase pola base e inestabilízase; pola contra, unha masa de aire cálida que ascende en latitude arrefríase pola base e estabilízase. Unha masa de aire orixinariamente seca que realiza un percorrido mariño, humedécese e inestabilízase; unha masa de aire orixinariamente húmida que realiza un percorrido continental, desécase e estabilízase.

- As fronteas son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. Polo tanto, a ambos os lados dunha fronte prodúcese un cambio brusco das propiedades do aire. A fonte máis importante para España é a fronte polar, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronteas, cálida e fría, separadas por un sector cálido. Como a fronte fría avanza máis rapidamente, o sector cálido estréitase ata desaparecer (oclusión). Con iso remata a enerxía da borrasca.

## **2.2.Transformacións recentes na estrutura agropecuaria española. a) As explotacións agrarias. b) Técnicas e sistemas agrarios. c) Política Agraria Común. (5 puntos).**

O espazo rural é o territorio non urbanizado da superficie terrestre. Tradicionalmente foi un espazo agrario onde se desenvolvían as actividades agrícolas, gandeiras e forestais. Non obstante, desde a década de 1970, introducíronse outras actividades (residenciais, industriais, de servizos, recreativas e paisaxístico-conservacionistas) e o espazo rural volveuse máis heteroxéneo e complexo.

### **a) As explotacións agrarias**

Unha explotación agraria é unha unidade económica que agrupa todas as parcelas traballadas por un mesmo agricultor ou gandeiro, xunto ás instalacións complementarias. En España contabilízanse hoxe un millón de explotacións agrarias, cifra moi inferior a décadas anteriores debido ao abandono de terras polos que se xubiláron, emigráron ou cambiáron de actividade e tamén como resultado dun proceso

de concentración de parte desas terras.

Esa concentración permitiu a elevación do tamaño medio das explotacións aínda que existen fortes contrastes. O resultado é unha dualidade cada vez maior entre unhas explotacións familiares moi pequenas e pouco rendibles, en progresivo abandono ou traballadas só a tempo parcial cunha baixa produtividade e unhas empresas agrarias, de particulares, sociedades ou cooperativas, que teñen maior dimensión, estanse modernizando e son rendibles.

Tamén existen importantes diferenzas rexionais en canto ao tamaño medio das explotacións agrarias: as rexións dominadas por cultivos de secaño ou devesas presentan explotacións de maior tamaño medio e as rexións húmidas e de especialización gandeira, xunto aos regadíos do litoral mediterráneo, contan con explotacións máis pequenas.

No referente ao réxime de tenza pode distinguirse entre tenza directa, arrendamento e parzaría. Na actualidade, un 70% das terras cultivadas mantéñense en tenza directa e tende a desaparecer o sistema de parzaría.

Un medio para conseguir explotacións agrarias rendibles de dimensión suficiente foi a creación de cooperativas (arredor de 4.000 e 45% da produción). Predominan as dedicadas a transformar os produtos e comercializalos.

#### **b) Técnicas e sistemas agrarios**

As técnicas e os sistemas agrarios experimentaron cambios desde a década de 1960. As transformacións técnicas consistiron na incorporación de avances como a mecanización de tarefas, a selección xenética das sementes e razas gandeiras, ou o uso de fertilizantes químicos e produtos fitosanitarios.

As transformacións nos sistemas agrarios supuxeron unha crecente intensificación da produción e un paralelo aumento do rendementos. A agricultura española actual coñeceu un intenso proceso de modernización, o que permitiu elevar a súa eficiencia. As transformacións máis importantes son:

- Unha crecente especialización do territorio nos cultivos para os que teñen mellores condicións competitivas, abandonando o resto.
- Maior investimento de capital para incorporar maquinaria (tractores, colleitadoras, motores para rega, etc.), produtos químicos (fertilizantes, herbicidas, praguicidas, etc.) ou sementes seleccionadas e transxénicas. Este tipo de investimentos reduce a necesidade de traballadores e aumenta os rendementos, aínda que tamén pode ter consecuencias negativas (contaminación riscos para a saúde).
- Forte incremento da superficie en regadío, que permite aumentar a produción pero tamén provoca a sobreexplotación de certos acuíferos e crecentes conflitos pola auga.

- Incorporación de novas técnicas de cultivo, como o enareado ou cultivo baixo plástico. No enareado alternanse capas de area e esterco, permitindo cultivar terras moi pouco fértiles; sobre todo, no sueste peninsular. O cultivo baixo plástico asóciase ao uso de técnicas avanzadas como o cultivo hidropónico, sen solo, a rega por goteo, ou a creación de microclimas controlados a distancia con medios informáticos.

### **c) Política Agraria Común (PAC)**

As áreas rurais españolas cunha importante presenza de actividades agrarias enfróntanse desde hai décadas a importantes problemas: escasa competitividade dunha parte dos produtos (que só poden ser rendibles mediante subvencións), progresivo despoboamento e envellecemento das áreas rurais, redución dos empregos agrarios, ingresos medios inferiores e crecentes impactos ambientais.

Ante esta situación todos os países desenvolvidos manteñen unha política agraria que trata de asegurar a viabilidade do sector, e así manter a presenza no campo dun certo número de agricultores e gandeiros; procurando, deste xeito, elevar as súas rendas tanto por razóns económicas coma sociais e ambientais.

Desde a entrada na Unión Europea, a maioría das accións dirixidas á promoción do sector agrario español proveñen da Política Agraria Común (PAC). Aínda que a PAC coñeceu importantes cambios ao longo do tempo, a súa influencia sobre o sector agrario español concreouse nunha serie de accións:

- Establecemento de prezos de garantía para determinados produtos agrícolas e gandeiros con subvencións.
- Esixencia de redución de superficie, ou cotas máximas de produción, para algúns cultivos ou especies gandeiras que xeran excedentes non consumidos.
- Apoio á reforestación de terras agrícolas e á agricultura e gandería ecolóxicas.
- Axudas para a modernización das explotacións
- Apoio á diversificación económica do mundo rural (turismo rural, artesanía e industria, etc.).
- Axudas especiais para áreas de montaña e zonas desfavorecidas.

Pese a ser a clave que permite manter hoxe activas boa parte das explotacións agrarias, a PAC enfróntase a certas críticas debido a que absorbe parte importante do orzamento total comunitario, o que non corresponde ao peso relativo do sector e a que supón un proteccionismo do seu mercado interior.

### **PREGUNTA 3. Análise de documento gráfico:**

Atendendo ás figura 1 e 2:

**a) Enumere as catro provincias coa porcentaxe de interior bruto industrial superior ao 25 %. (1 punto)**

Guipúscoa, Álava, Navarra e Burgos

**b) Identifique os tipos de documento representados nas figuras 1 e 2 e describa os elementos que compoñen a figura. (1 punto)**

A figura 1 é un mapa corocromático (ou de coropletas) no que se representa a porcentaxe do produto interior bruto industrial que lle corresponde a cada provincia. A fonte dos datos correspóndelle ao INE e foi elaborado polo Instituto Xeográfico Nacional.

A figura 2 trátase dun espazo planificado: é unha imaxe dun polígono industrial no que o solo está especializado na produción industrial, fundamentalmente en actividades do sector secundario, aínda que tamén do terciario e neste caso do primario.

Están lonxe dos núcleos de poboación porque as actividades que se realizan poden ser molestas, por iso as vivendas están fóra dos límites do polígono.

Na imaxe aparecen espazos ocupados por grandes naves que se sitúan de xeito ordenado entorno ás vías de comunicación. Estas naves son de gran tamaño e presentan poucos espazos baleiros entre elas. Apréciase unha gran variedade de tamaños das naves: desde grandes dimensións como a de INDITEX a outras de menor tamaño.

As vías de comunicación son anchas, o que facilita a circulación de transporte pesado, e garanten a súa maniobrabilidade. Conta, ademais con un acceso ao porto exterior que lle permitiría a estas industrias usalo para recibir materias primas ou produtos elaborados.

Nesta paisaxe industrial aparecen mesturados outros usos do solo, como os agrícolas e gandeiros, así como servizos e espazos adicados a almacenaxe de materias primas e de fontes de enerxía.

**c) Explique os factores de localización de dúas industrias do polígono de Sabón. (1,5 puntos)**

INDITEX:

A industria téxtil e da confección está moi desenvolvida en Galicia, iniciouse nos anos oitenta e repartiuse por todo o territorio galego. Os factores que explican a implantación desta industria no polígono de Sabón son variados entre eles atópanse:

- A existencia de man de obra cualificada e que responde adecuadamente aos procesos técnicos desta industria.
- A formación do eixo Sabón-A Coruña.
- O doado acceso ás vías de comunicación: autovías, aeroporto, porto...
- A existencia dun capital empresarial importante.
- A decisión dos propios donos de instalarse neste polígono.
- Mercado accesible para os produtos elaborados
- A existencia de solo industrial.

JEVASO:

- A existencia de man de obra cualificada e que responde adecuadamente aos procesos técnicos desta industria.

- A formación do eixo Sabón-A Coruña
- O doado acceso ás vías de comunicación: autovías, aeroporto, porto...
- A existencia dun capital empresarial importante
- O mercado accesible para os produtos elaborados
- A existencia de solo industrial.
- As sinerxías que se establecen con outras industrias, neste caso con INDITEX

#### TALLER MECÁNICO:

- A formación do eixo Sabón-A Coruña
- O doado acceso ás vías de comunicación.
- A existencia dun capital empresarial importante.
- A gran cantidade de vehículos que circulan nestes espazos industriais.
- A necesidade de reparación .
- A existencia de solo industrial.
- Políticas de subvencións.

#### CARPINTERÍA DE ALUMINIO:

- A formación do eixo Sabón-A Coruña
- O doado acceso ás vías de comunicación e aos portos.
- A existencia dun capital empresarial importante.
- Proximidade das materias primas.
- Sinerxía coa industria da construción.
- Cercanía dos mercados.
- A existencia de solo industrial.
- Políticas de subvencións.

Para todos eles a investigación e o investimento en I+D+i, así como a proximidade da Universidade, etc.

#### **d) Expoña razoadamente os problemas deste espazo (1,5 puntos)**

Problemas de contaminación pola acumulación de residuos industriais na auga dos ríos e, neste caso, do mar, así como na atmosfera, e os refugallos propios de cada industria.

Gran densidade de tráfico que produce retrasos, accidentes, etc.

O elevado consumo de enerxía.

Gran movemento do persoal a horas punta de entrada e saída das fábricas.

Son espazos impersoais e que non permiten as relacións humanas, e en ocasións perigosos.

Dependen dunha variedade escasa de actividades e se hai crise vense moi afectados.

#### PREGUNTA 4. Análise de documento gráfico.

a) Relacione os seguintes ríos co número da súa administración hidráulica segundo o mapa da figura 3. (1 punto)

- Bidasoa (3)
- Guadiana (6)
- Tiétar (5)
- Llobregat (13)
- Nalón (2)
- Esla (4)
- Segura (10)
- Segre (12)
- Turia (11)
- Ulla (1)

b) Analice o tipo de documento da figura 4 e explique como se obtén o valor “k” e o valor “Mr”. (1 punto)

A figura 2 presenta un hidrograma, un gráfico que representa a variación do caudal da corrente dun río nun punto concreto (estación de aforo) en función do tempo (ano hidrolóxico). O caudal no eixe vertical e a escala temporal no horizontal. Este tipo de gráfico é útil para determinar as características medias do río (régime, alimentación, ...) e poder comparar uns ríos con outros.

O caudal pode representarse en números absolutos ( $m^3/s$ ) ou, como no hidrograma da figura 2, mediante un número relativo denominado “coeficiente de caudal” que é a relación existente entre o caudal mensual e o caudal anual (tamén chamado módulo). Polo tanto o valor “k” ou coeficiente de caudal se obtén dividindo o caudal mensual entre o caudal anual ou módulo (neste caso 243,9).

O caudal relativo ou módulo relativo ( $M_r$ ) se obtén multiplicando o coeficiente de caudal anual ( $m^3$ ) por mil (un metro cúbico son mil litros) e dividíndoo pola superficie da cunca do río ( $km^2$ ). Neste caso:  $(243,9 \times 1000) / 40.434 \rightarrow M_r = 6,03 \text{ l/s} / km^2$  (os valores medios están entre 5 e 15).

c) Identifique e xustifique o tipo de réxime fluvial representado na figura 4, así como as principais características dos ríos da súa vertente hidrográfica. (1,5 puntos).

O réxime fluvial do río representado na figura 4 é pluvial mediterráneo. Nestes ríos sempre aparece un mínimo moi marcado no verán, debido á práctica desaparición das choivas nesta época. No Ebro, que drena unha cunca ampla con ríos moi diversos, este mínimo se suaviza grazas aos aportes dos afluentes procedentes da montaña. Aínda así o río presenta un importante coeficiente de irregularidade. Ao dividir o caudal mensual máis alto (febreiro) entre o caudal mensual máis baixo (agosto) obtemos un valor superior a 7 ( $436/31 = 14,06$ ) que son propios dos ríos irregulares.

En comparación coa vertente atlántica, os ríos da vertente mediterránea son curtos, a excepción precisamente do Ebro, dada a proximidade do mar ás montañas en que nacen e á basculación da Meseta cara ao Oeste a partir do Sistema Ibérico. O seu réxime adoita ser moi irregular xa que en verán presentan importantes estiaxes (moi prolongados nos ríos máis meridionais) e no outono poden sufrir cheas catastróficas orixinadas por chuvias torrenciais. Como consecuencia, faise preciso construír neles encoros para regularizar o caudal e abastecer de auga a agricultura, a industria e os núcleos de poboación.

**d) cite e explique brevemente os principais factores físicos e humanos que teñen influencia na distribución de augas e nos recursos hídricos do territorio español. (1,5 puntos)**

A distribución de augas e os recursos hídricos do territorio español están condicionados polos seguintes factores físicos e humanos:

O **clima**, que desempeña un papel destacado, xa que a auga dos ríos, lagos e acuíferos procede das precipitacións. Debido a isto, existe un claro contraste entre a “España húmida”, de precipitacións suficientes, e a “España seca”, de acusada seca estival.

O **relevo** e a **topografía** inflúen notablemente na organización das cuncas hidrográficas, na capacidade erosiva dos ríos e na formación de lagos e acuíferos.

A **litoloxía**, é dicir, o tipo de rocha e as súas características, pode favorecer a escorrentía superficial (caso das arxilas impermeables) ou, polo contrario, facilitar a infiltración de auga e a formación de acuíferos (caso das calcarias).

A **vexetación** inflúe no equilibrio hídrico, xa que actúa como pantalla protectora fronte a radiación e diminúe na evaporación

O **ser humano** consume auga para o abastecemento e a rega e intenta compensar este gasto mediante a construción de obras regularizadoras, como encoros, transvasamentos, etc.



**Tú puedes. Y nosotros te ayudamos a demostrarlo.**

selectividad.academy



# Selectividad Academy

Tu academia de selectividad online

● Mejor academia online de selectividad

## Prueba sin compromiso

Primera clase gratis. Sin permanencia. Sin letra pequeña.

- ✓ Profesores especialistas en cada asignatura
- ✓ Clases adaptadas a tu nivel y tus objetivos
- ✓ Todos los exámenes oficiales resueltos paso a paso
- ✓ Calculadora de nota y guía completa en la web

**623 769 002**

Escríbenos por WhatsApp

[www.selectividad.academy](http://www.selectividad.academy)

→ Calcula tu nota en [selectividad.academy/calculadora-selectividad](http://selectividad.academy/calculadora-selectividad)

→ Guía completa en [selectividad.academy/guia-selectividad](http://selectividad.academy/guia-selectividad)

→ ¿Tienes dudas? Escríbenos sin compromiso